



## RESOLUCIÓN DE DUDAS. EXP. REF. 4-2018

Vistas as consultas recibidas no correo electrónico [contratacion@concellodelugo.org](mailto:contratacion@concellodelugo.org) e na plataforma de contratación do Excmo. Concello de Lugo, ponse en coñecemento dos posibles interesados as cuestións formuladas ata esta data.

Pregunta nº 1:

*-Necesidade de explicitar na proposta técnica, a planificación de medios proposta e onde se realizarán as insercións dentro dos diferentes soportes previstos nos pregos.*

### **Contestación**

De acordo co establecido no decreto de contratación, o contido da proposta técnica deberá conter:

*-Cronograma estimado para a execución dos traballos.*

*-Proposta de seguimento, control e xestión da execución dos traballos da asistencia externa. Estimación de resultados mínimos a obter durante a execución do servizo e xustificación desta estimación.*

*- Análise do grupo/s obxectivo/s proposto para a planificación dos traballos e xustificación da súa selección.*

*-Proposta para a realización dos traballos, xustificación dos formatos e soportes seleccionados para os contidos, tipoloxía de deseños a implementar, bocetos gráficos e estratexia de comunicación a aplicar. O deseño preliminar do stand informativo e do agasallo a ofertar e a estratexia de dinamización das redes sociais, da web e aplicacións asociadas, así como os contidos que incorporarán.*

*-Sistema de coordinación entre os diferentes medios e actividades a realizar.*

*-Proposta de sustentabilidade: Mecanismos para conseguir reducir a pegada de carbono durante o desenvolvemento do servizo, como o uso de materiais reciclados/reciclables, tipos de impresión e certificacións empregadas para os materiais e produtos xerados durante o servizo.*

*A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro do sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.*





No relativo á elaboración e realización de contidos para a súa publicación en Prensa (xornais, radios, tv, etc.) e Revistas Técnicas especializadas:

A entidades adxudicatarias deberá proceder á elaboración de contidos sobre os proxectos e actividades organizadas no marco do programa LIFE LUGO+BIODINÁMICO e publicación en medios de comunicación de relevancia de 2 publirreportaxes a dobre páxina en medios escritos, 3 cuñas en radio, 3 spots televisivos e 2 banners gráficos. Os medios de comunicación seleccionaranse en coordinación co Gabinete de Comunicación do Excmo. Concello de Lugo, onde se primará a consecución dos indicadores mínimos que rexerán a elaboración dos traballos.

En relación aos indicadores que rexerán a elaboración dos traballos cabe sinalar o seguinte:

- No apartado 7 do Decreto de Contratación inclúense as Directrices e indicadores mínimos que rexerán a elaboración dos traballos.
- Obxectivo do Plan Operativo de Difusión indicado na páxina 49 do decreto de contratación é *atraer a atención da audiencia obxectivo (entidades relacionadas con Cambio Climático, poboación de Lugo) cara ao Proxecto LIFE LUGO+BIODINÁMICO*
- No Acordo de Subvención que se pode consultar na actual páxina web do proxecto LIFE LUGO+BIODINÁMICO (<http://www.lugobiodinamico.eu/es/documentacion>), nas páxinas 20, 181 e 185 de 240 da candidatura do proxecto establécese que o mesmo debe ser coñecido por cando menos o 30% da poboación lucense a partires das campañas e iniciativas de difusión realizadas.

Doutra banda, na páxina 53 do decreto de contratación faise unha relación de medios de comunicación relevantes a nivel local, autonómico, nacional e internacional a considerar para a execución da publicación de contidos nos medios de comunicación.

Visto todo o anterior, a inclusión explícita da planificación de medios proposta e onde se realizarán as insercións dentro dos diferentes soportes previstos nos pregos realizarase a criterio da entidade licitadora. En todo caso, se se explicitan os medios onde se realizarán as insercións, isto considerarase como unha proposta, xa que como se indica no prego, a decisión de en que medios se publicarán e como se realizará farase en coordinación co Gabinete de Comunicación do Excmo. Concello de Lugo. Nesta decisión primárase a consecución dos indicadores mínimos que rexerán a elaboración dos traballos e o cumprimento do Acordo de Subvención.



## Pregunta nº 2:

- Confirmar que dentro dos criterios de valoración inclúranse aquelas campañas de importe superior a 200.000€ naqueles supostos nos que a axencia encargouse da súa creación, xestión e desenvolvemento con independencia de que a compra de medios sexa executada e facturada por unha central de medios.

Explicación: no sector da publicidade é común que a axencia de publicidade, cre, desenvolva e gestione a campaña de comunicación e/ou publicidade pero a contratación dos medios / soportes cando son campañas dun importe elevado as facture unha central de medios, co cal a factura da axencia será de p.e. 20.000€ a factura da central de medios sexa de 180.000 € pola compra dos espazos aínda que realmente toda a campaña foi gestionada pola axencia.

## **Contestación**

Tal e como vén indicado na páxina 9 do decreto de contratación:

*"d) Acreditar experiencia profesional de participación como coordinador de UNHA campaña publicitaria cun importe igual ou superior a 200.000 euros sen IVE (non se poderán sumar importes de diferentes campañas publicitarias para esta xustificación, considéranse unicamente campañas individuais de importe igual ou superior a 200.000 € sen IVE).*

*As campañas publicitarias acreditaranse mediante o correspondente contrato de importe 200.000 € (sen IVE) e certificación de boa execución de ter coordinado a totalidade do proxecto ou cando menos durante un ano o proxecto, indicando o tipo de actividades realizadas"*

O contrato da campaña publicitaria ten que ter un importe igual ou superior a 200.000 € (sen IVE), polo que a acreditación da mesma e da experiencia profesional de participación como coordinador deberá facerse do seguinte modo:

-Presentación do contrato da campaña coordinada pola persoa proposta cun importe de 200.000€ ou máis (referido á campaña e non ao importe aboado polos traballos como coordinador que é indiferente). No caso de que unha mesma campaña publicitaria inclúa diferentes contratacións, pero se corresponden á mesma campaña publicitaria, pódense presentar os diferentes contratos xunto co documento xustificativo de que ditas contratacións correspóndense efectivamente a unha única campaña publicitaria, e sempre que a súa suma iguale ou supere o importe de 200.000€ sen IVE

-Certificación de boa execución de que a persoa proposta como coordinador teña coordinado a totalidade do proxecto (enténdese a campaña) , ou cando menos durante un ano o proxecto, indicando o tipo de actividades realizadas





Este mesmo criterio aplícase no caso de xustificar os méritos do coordinador de equipo a maiores dos requisitos mínimos esixidos. (punto 12.1.2 da páxina 21 do decreto de contratación).

Pregunta nº 3:

- Confirmar cal é o nome que debe aparecer no logotipo / marca do proxecto:

- Proxecto Life Lugo Biodinámico
- Life Lugo Biodinámico

### **Contestación**

A denominación correcta do proxecto e polo tanto a que debe aparecer na marco do proxecto é:

- LIFE Lugo+Biodinámico

Pregunta nº 4:

- Cando nos pregos fálase de que na proposta deberase incluír deseño preliminar do stand informativo, refírese ao stand para levar a feiras ou o stand para a entrega do agasallo?

### **Contestación**

Refírese ao stand para levar a feiras.

Pregunta nº 5:

- Cando nos pregos fálase de que na proposta deberase incluír agasallo a ofertar.

Temos dúbidas porque nos pregos fálase do agasallo a incluír no periódico pero tamén se fala dunhas plantas como agasallo.

Temos dúbidas porque non sabemos que é o que hai que facer:

- deseñar o cupón que se entrega co xornal que che dá dereito ao agasallo planta
- deseñar o empaketado das plantas como agasallo (packaging design)



- [deseñar e propoñer un agasallo distinto da planta](#)

### **Contestación**

Tal e como se describe na páxina 50 do decreto de contratación:

- A entidade adxudicataria deberá deseñar un agasallo que conteña a imaxe corporativa do proxecto. Ademais deberá deseñar o cupón a adxuntar no xornal para que os lectores de dito xornal poidan cambiálo polo agasallo nunha carpa que a entidade adxudicataria deberá establecer. Tamén se fará cargo da publicación de dito cupón no xornal. Todo isto farase en coordinación e de acordo cos responsables do proxecto LIFE. O agasallo será producido polo Excmo. Concello de Lugo, co que a súa fabricación non correrá a cargo da entidade adxudicataria.
- Por outra banda, a entidade adxudicataria deberá deseñar o material promocional e didáctico sobre plantas como obsequio, para o que terá que realizar o deseño do empaquetado para os seguintes elementos: planta enmacetada, microplanta enraizada en tubos de ensaio e para diferentes variedades de castañas cultivadas no proxecto. Deseñaranse ademais as instrucións para a aclimatación da planta e o seu cultivo posterior, que incluírán tamén información sobre o proxecto e a súa relación coa loita fronte ao cambio climático. Estas instrucións deberán integrarse no deseño do empaquetado dos 3 elementos citados. Os envases deseñados para estes obsequios serán producidos polo Excmo. Concello de Lugo, o que a súa fabricación non correrá a cargo da entidade adxudicataria.

Para concluír, o deseño do agasallo asociado ao cupón do periódico é independente do deseño do empaquetado das plantas (planta enmacetada, microplanta enraizada e castañas), debendo realizarse todos eles pola entidade adxudicataria.

Pregunta nº 6:

- [Confirmar idiomas que deben estar incluídos na web do proxecto.](#)

### **Contestación**

A web do proxecto deberá estar nos idiomas **galego, castelán e inglés** tal e como o se pode consultar na actual web do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico.



Pregunta nº 7:

Solicitud de el manual corporativo y código de buenas prácticas del Programa Life para la correcta participación en el concurso Life Lugo + Biodinámico.

### **Contestación**

Dita documentación pódese descargar da seguinte páxina web:

<http://ec.europa.eu/environment/life/toolkit/comtools/index.htm>

Lugo, 26 de marzo de 2018.

A Arquitecta municipal. SERVIZO DE ARQUITECTURA.

Responsable do Proxecto LIFE Lugo+Biodinámico

Asdo.: Susana Penedo Souto.